

## SESIÓN ORDINARIA DE 25 DE FEBREIRO DE 2016

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:10 minutos do día 25 de febreiro de 2016 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez, D. Jesús Fernández García, D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo, D. Xosé Ferreiro Fernández, D. Francisco Xabier Molinos Campos e Dona María Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI. DELIMITACIÓN DO NÚCLEO DE ALBITE**

O Alcalde inicia o debate expoñendo os rasgos máis salientables do expediente.

Trala intervención do sr. Alcalde, fai uso da palabra o concelleiro sr. Xabier Molinos, vicevoceiro do BNG, quen recorda que a responsabilidade do concello é a de axilizar o cumprimento das aspiracións veciñais e, no presente caso, a tramitación está moi lonxe de acadalo. Da lectura o vicevoceiro o informe do Secretario do Concello no que se fai alusión á situación creada a consecuencia dunha sentenza do xulgado do contencioso-administrativo número 2 de Lugo no que se anula a delimitación do solo urbanizable de núcleo rural de Robra.

Pregunta asemade se no segundo período de información pública se presentaron alegacións. Tamén fai alusión a un informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural datado do ano 2013, así coma a posteriores requerimentos de subsanación de documentación e informes desfavorables emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitidos ao longo do ano 2014 e 2015, nos que se poñen de manifesto unha actuación inadecuada do Concello na tramitación do expediente e que determinaron claramente a demora na tramitación.

Remata recordando que o seu grupo considera necesaria a formulación dun Plan Xeral de Ordeación, co gallo de acadar unha ordeación integral e non discriminatoria entre as diferentes partes do termo municipal.

O Alcalde insiste en que a tramitación do planeamento é moi engorrosa, e que non sempre se pode estar de acordo cos informes que emiten outras administracións, xa que ocasións as consideracións verquidas polos técnicos de outras administracións teñen unha alta dose de subxectividade. Tamén recorda que todas as parroquias dispoñen de núcleos delimitados.

O grupo do BNG leva moito tempo insistindo na necesidade de facer un Plan Xeral e o Partido Popular outro tanto afirmando que non é necesario, e os veciños o saben e votaron sempre segundo as súas conviccións.

É certo que unha modificación puntual non pode levar tres anos tramitalo, ao igual que non pode levar doce anos tramitar o PXOU de Lugo.

O equipo de goberno considerou que existía demanda de unha delimitación de núcleo rural en Alvite, e se acordou iniciar a tramitación da delimitación, ao igual que se fará alí onde exista esa demanda.

A Concelleira do PSdG-PSOE, afirma que aquí se está a tramitar unha modificación puntual co gallo de salvar a licencia dunha casa que anulou unha sentenza. Pero ao igual que se fai en Alvite debería facerse noutras parroquias onde existe solo que podería calificarse como de núcleo rural. Este xeito de proceder é discriminatorio fronte a outras zoas do termo municipal.

Engade que non ten que ver que unha modificación puntual tarde tres anos con que un PXOU tarde doce, xa que os documentos son moi diferentes.

O vicevoceiro do BNG non se opón a que se delimite o núcleo rural de Alvite, pero considera que a delimitación ten que facerse con criterios obxectivos e xustificados, e non deste xeito, que semella ter coma único obxecto contentar a uns poucos.

Recorda que en Lugo o BNG non votou a favor do PXOU, porque o modelo urbanístico do BNG non é ese, senón outro, o de Allariz, que acadou o premio europeo de urbanismo de 1994, ou o de Pontevedra, premio da ONU 2014 para sociedades de futuro.

En canto ao modelo de desenvolvemento, claro que queren que Outeiro medre, pero non co modelo de Triacua, ou da casa da Franca, nin Mosteiro, nin a urbanización da Palloza, nin o núcleo de Outeiro de Rei, que nos últimos vinte anos non medrou nada.

Saca a colación a exposición de motivos da Lei 2/2016, no que se pon de manifesto que as Normas Subsidiarias non acadan o nivel de ordeación propio dos Plans Xerais, e insta aos concellos galegos a formular un Plan Xeral que ordene o termo municipal. Conclúe que a propia Xunta de Galicia, gobernada polos seus, insta aos concellos a adoptar a solución na que ven insistindo o BNG dende fai tantos anos.

O Alcalde admite que o BNG leva insistindo dende fai anos co tema do Plan Xeral, e todos os veciños o saben, ao igual que todos os veciños coñecen cal é a postura do PP ao respecto. E recorda que dita postura non é outra que non facer un Plan Xeral namentres o marco normativo non permita que, facendo dito Plan, a situación dos veciños de Outeiro mellore, xa que até o día de hoxe, de facer un Plan reduciríanse moito os dereitos urbanísticos dos veciños.

As modificacións puntuais as contempla a Lei, e se as contempla a Lei será porque se poden facer.

En resposta á intervención da voceira do PSOE, afirma que dita modificación non trae causa de licencia algunha, senón do feito de que existe na realidade un núcleo con tal entidade que debería delimitarse.

E non existe discriminación algunha entre parroquias, xa que a totalidade das parroquias contan con solo de núcleo rural delimitado, polo que existe a posibilidade de construír en tódalas parroquias.

Pon de manifesto que en Galicia hai máis concellos que non teñen plan xeral que concellos contan con él, e a razón non é outra que o feito de que é difícil que un Alcalde aborde unha iniciativa que perxudique ou non beneficie aos veciños, e a lexislación urbanística ata o momento foi tan restrictiva que fai moi difícil tramitar un plan no que a veciñanza saia beneficiada.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación provisional da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento. Delimitación do núcleo rural de Albite.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, dous votos en contra pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG, e unha abstención, pertencente á concelleira do PSdG-PSOE.

## **2.- NOMEAMENTO DE XUIZ DE PAZ**

Ponse de manifesto polo sr. Alcalde o expediente de nomeamento do xuíz de paz do Concello de Outeiro de Rei, en cumprimento do acordado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 18 de decembro de 2015. Concretamente, manifestase que, a resultas do prazo outorgado para a presentación de solicitudes, e publicado no BOP núm. 10, xoves, 14 de xaneiro de 2016, unicamente presentouse unha solicitude de nomeamento: a correspondente a don Jesús Dositeo Piñeiro López, con DNI 33309687Y.

Fai uso da palabra o voceiro do BNG, quen afirma que, aínda que non ten nada en contra de este candidato, e aínda que non coñece ben cómo podería mellorarse o proceso de selección do xuíz de paz, afirma que dito posto é un posto que desempeña funcións trascendentes na xustiza de proximidade e que debería mellorarse o sistema de provisión.

O Alcalde resposta que o candidato é quen ven desempeñando o posto dende fai anos, e que demostrou a súa capacidade para exercerlo, polo que non advirte motivo para non aprobalo. Por outra banda, semella que o BNG soamente quere dicir que non, sexa o que sexa o que se propoña e aínda, coma no presente caso, no que non saiban dicir porqué.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de nomeamento de Jesús Dositeo Piñeiro López, con DNI 33309687Y, coma Xuíz de Paz do Concello de Outeiro de Rei.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e dúas abastencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG.

### **3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario expón a seguinte proposta de rectificación do inventario municipal de ben e dereitos:

#### “INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

##### PORCIÓN VIAL Nº 171

##### MATELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN MATELA – MATELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: MATELA

Lindeiros: Norte, de Manuel Naval e outro; Leste, camiño; Sur, de Antonio López, e Oeste, coa finca matriz.

SUPERFICIE: 145,03 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 6 de outubro de 2.015.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11696, Folio 219, Tomo 1178, Libro 106.

VIAL Nº 65

## MARTUL

### NOME:

camino de acceso a las instalaciones de la estación depuradora de agua potable situada en Cartel, Martul

### NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

### SITUACIÓN:

Parroquia de Martul, lugar de Cartel.

### DESCRIPCIÓN:

Se trata de un camino asfaltado que da acceso desde la carretera a la parcela 499 del polígono 58 que alberga, junto con la parcela 500 del polígono 58 las instalaciones de la ETAP.

El camino cuenta con una longitud de 145 m y un ancho medio de 5 m, con una superficie total de 729 m<sup>2</sup>.

Esta superficie aparece reflejada en catastro dentro de las siguientes parcelas.

- Parcela 058-496: 196 m<sup>2</sup>
- Parcela 058-497: 352 m<sup>2</sup>
- Parcela 058-498: 181 m<sup>2</sup>

REF. CATASTRAL: en trámites de rexistro catastral

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial.

## INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

### FINCA RÚSTICA Nº 9

### OUTEIRO DE REI

NOME: PARCELA Nº 499 do polígono 58 do catastro de rústica

**NATURALEZA DO INMOBLE:**

Ben de natureza demanial

Prescripción: servizo municipal de tratamento de auga.

**SITUACIÓN:**

Parroquia: Martul

Lugar: Ribeira Grande.

Lindeiros:

Norte: parcela 501

Sur: parcela 477

Leste: Río Ladra e parcela 465

Oeste: parcela 498

**SUPERFICIE:** 7347 M2.

**TÍTULO DE ADQUISICIÓN:** A parcela procede da agrupación das parcelas 500 e 499 do polígono 58, formalizada en escritura pública ante a Notaria Monserrat Trigo Mayor o día 26 de xaneiro de 2016. O título da antiga parcela 500 procedía da compraventa a dona María Josefa Benigna Lorenzo Piñeiro, documentada en escritura notarial expedida por dona Moserrat Trigo Mayor, Notaria con residencia en Castro de Rei, con data de 4 de marzo de 2010. A parcela 499 adquiriuse mediante expropiación forzosa (Declaración de necesidade de ocupación de data de 27/03/2009; Determinación do xusto prezo polo Xurado de Expropiación de Galicia en expediente 2009005632 de 21 de xullo de 2011).

**SITUACIÓN REXISTRAL:**

En trámites de inscrición

**INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES**

**FINCA RÚSTICA Nº 12**

**OUTEIRO DE REI**

**INSCRIPCIÓN CANCELADA**

Por agrupación das parcelas 500 e 499 do polígono 58 do catastro de rústica, mediante escritura pública de 26 de xaneiro de 2016”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **4.- TOMA DE RAZÓN DO ESCRITO DE RENUNCIA PRESENTADO POR JOSÉ MANUEL LÓPEZ CASTRO**

O Secretario da corporación da lectura, en viva voz, do escrito presentado polo concelleiro don José Manuel López Castro, de data de 7 de xaneiro de 2016, polo que renuncia á súa condición de concelleiro, e do seguinte teor literal:

*“D. José Manuel López Castro (33851483Z), Concejal del Ayuntamiento de Outeiro de Rei, perteneciente al grupo municipal Foro Lugo Independiente aV.,*

##### *EXPONE*

*Que con motivo de haber sido proclamado Concejal elector por la Junta Electoral de Zona de Lugo en la sesión de 29 de mayo de 2015, tomando posesión de dicho cargo en la sesión plenaria celebrada el día 13 de junio de 2015, a V.,*

##### *SOLICITA*

*Conforme a la legislación vigente, la RENUNCIA al cargo de Concejal del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”.*

O sr. Alcalde agradece a adicación de D. José Manuel López Castro ao seu cargo de concelleiro.

Non xurdindo debate, sométese a votación a toma de razón transcrita.

Realizada a votación, o Pleno da Corporación, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda tomar razón do escrito de renuncia.

#### **5. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 547 DE 18.2-16**

En resposta a unha alocución do Alcalde, o sr. Ferreiro afirma que o seu grupo apoiou moitas máis propostas presentadas polo PP que propostas do BNG foron apoiadas polo PP, polo que non pode decirse que o grupo do “Non” sexa precisamente, o do BNG. De feito, o PP non soamente vota sistemáticamente contra as propostas que presenta o BNG, senón que as veces, cando non é defendible votar en contra, emprega subterfuxios legais para evitar a votación, transformando a moción en rogo.

Logo de esta disertación, escomenza a defensa da moción, do seguinte teor literal:

*Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

**MOCIÓN RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLANO DE ACTIVIDADES NON SEXISTA E Á CELEBRACIÓN DOS DÍAS CONMEMORATIVOS DA LOITA POLA IGUALDADE DA MULLER CUN MÍNIMO DE DIGNIDADE.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Levamos xa décadas vendo como cada ano son asasinadas varias ducias de mulleres a mans das súas parellas, situación que se repite ano tras ano sen que dende os gobernos se faga absolutamente nada efectivo para acabar con esta lacra. Son asasinatos de mulleres polo único feito de ser iso, mulleres.*

*Se se tivesen producido outras tantas mortes ao ano en calquera outro colectivo a sociedade, os gobernos que a representan xa terían reaccionado hai tempo e o problema estaría resolto. Isto produciríase sobre todo se os afectados polas mortes fosen homes do poder gobernante. No canto diso, lévase a cabo unha política de meras palabras bonitas, de lamentacións, condolencias e minutos de silencio, sen ningún feito real ou política efectiva que axude a erradicar este tipo de asasinato para sempre.*

*Non cabe ningunha dúbida de que estes asasinatos son consecuencia dunha sociedade educada no machismo e na desigualdade de trato. Estamos ante unha sociedade onde se permite que se siga actuando co concepto de que un sexo é superior ao outro e, debido a isto, hai homes que se cren co dereito de dispoñer da vida das súas parellas.*

*A erradicación dos feminicidios só se producirá se se consegue educar a sociedade nun concepto de igualdade total, onde ninguén se crea mellor que os demais e onde ámbolos dous sexos convivan nunha igualdade plena, optando a realizar as mesmas tarefas e actividades, sen ningunha excepción.*

*Debería ser obriga de todas as administracións camiñar nesta liña en todas as súas accións, non permitindo nin fomentando ningunha acción que faga visíbel esta desigualdade de trato entre homes e mulleres. Calquera actuación onde se marque a diferenza entre sexos estará afondando na imaxe de discriminación entre ambos e, polo tanto, axudando a manter os estereotipos existentes que alimentan esta violencia machista.*

*O plano de actividades “para mulleres” que acaba de facer público o concello de Outeiro de Rei é un caso típico do que estamos a falar. Deséñanse actividades que reproducen todos os estereotipos machistas, cuns “cursos” de temáticas que tradicionalmente se reservan para as mulleres: costura, cociña, horto ou outras actividades relacionadas co fogar, non entrando nada nos oficios de “máis prestixio”, os cales implícitamente nesta programación seguen a quedar reservados para os homes. As mulleres na cociña, na costura ou no horto, mentres que os homes están nos traballos “relevantes socialmente” ou en situación de ocio e interacción social.*



*Ao mesmo tempo, non se entra para nada nas inmensas eivas que teñen todas as mulleres do noso país, incluídas por suposto as de Outeiro de Rei. Isto son cuestión como o maior índice de desemprego, a inmensa marxinação laboral con salarios moi inferiores aos dos homes, traballos de menor calidade sempre reservados para elas, dobres xornadas xeneralizadas e un longo etcétera.*

*É mais, neste panfleto chegan a contemplarse propostas que se poden cualificar como insultantes, tales como celebrar o Día da Muller Traballadora cunha conferencia sobre a saúde feminina ou o Día da Violencia de Xénero cun reparto de “lacitos”. Evidentemente non se programa estes días ningún tipo de actividade que poida facer xurdir o espírito reivindicativo das mulleres. Máis ben todo o contrario, promóvese a submisión, a resignación e as actividades tradicionais, nas que as veñen recluíndo dende fai décadas, por non dicir séculos.*

*A situación é insostíbel e debe producirse un cambio radical na forma de afrontar a loita pola igualdade e a dignidade da muller. Por todo iso, e seguindo a liña construtiva que sempre intentamos manter, dende o BNG PROPOÑEMOS ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte*

#### **MOCIÓN:**

*O Pleno da Corporación Municipal de Outeiro de Rei insta ao Alcalde, ou a quen corresponda, a que deseñen actividades no concello respectando os seguintes parámetros:*

- ✓ Realización dun estudo previo sobre as características das mulleres do Concello en canto ás súas condicións de vida e necesidades e, máis concretamente, sobre educación, emprego, vivenda, etc. Isto serviría de base para elaborar unha programación de actividades orientadas a fomentar a total igualdade entre todas as persoas, independentemente do sexo que posúan.*
- ✓ Creación do “Consello da Muller”, ou similar, no que participen todos os grupos políticos e asociacións do ámbito social que o desexen así como mulleres a título persoal, onde se poida propor e debater as accións e programas en materia de igualdade a levar a cabo dende o concello.*
- ✓ Realización de actividades sobre o 8 de Marzo e o 25 de Novembro que correspondan coa realidade e historia das datas e non con meros formalismos para xustificar que “se fai algo”.*
- ✓ Deseño de actividades en colaboración co centro de ensino do concello para programar accións formativas para nenas e nenos e actividades que fomenten a igualdade de xénero e contribúan a erradicar os estereotipos existentes”.*

*Conclúe afirmando que o rol de muller que está a defender o concello con esta programación de actividades dirixidas á mulleres é vergoñento.*

*A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE manifesta a súa total conformidade co expresado polo voceiro do BNG, así coma co contido da moción.*

*O voceiro do grupo municipal do PP respóstalle ao voceiro do grupo municipal do BNG que pode escomenzar a practicar o que predica, xa que o grupo municipal do BNG*

ten un 0% de mulleres concelleiras, namentres que o PP ten un 50% de concelleiras mulleres.

O equipo de goberno leva moito tempo traballando pola igualdade de xénero, e xa fai anos fíxose un plan de igualdade (que se avalía e renova periódicamente) así coma unha enquisa entre preto de 150 mulleres do termo municipal para averiguar de primeira man as súas necesidades neste eido e dirixir as nosas actuacións e programacións en consontes as súas demandas.

E dentro dos moi numerosos cursos que programou o concello, poden tamén citar o curso de mecánica para mulleres, ou de defensa persoal, así coma cursos de formación ocupacional dende o ano 2011 até o 2016, e que non son sospeitosos de machistas.

Polo tanto, neste eido precisamente o BNG non vai por diante do goberno municipal.

Tamén fai referencia ao servizo de conciliación familiar do concello de Outeiro de Rei, que está moi por riba dos concellos da contorna ou mesmo da capital de Lugo, a pesares de que ten moitos máis medios que os concellos pequenos.

Afirma que este goberno municipal está aberto a toda suxerencia ou iniciativa en prol da igualdade das mulleres e da concilación familiar, coma xa ven facendo dende fai anos.

A concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE presenta coma suxerencia que os cursos sexan mixtos.

O Alcalde respóstalle que os cursos non se pechan aos homes, xa que poden asistir a tódolos cursos, en especial cando quedan prazas disponibles. É certo que o concello programa determinadas actividades que teñen coma destinatarios específicos ás mulleres, ao igual que tamén dirixe certas programación carón outros colectivos, como é o caso dos maiores. Agora ben, isto non significa que non se poda apuntar aos cursos os homes. De feito, tamén fíxose algún curso orientado especificamente ao homes, como, por exemplo, de cociña.

De feito, a programación faise segundo a demanda dos veciños, e tal fin chegaronse a enviar cartas ás veciñas co gallo de que fixesen chegar o seu parecer ao concello. O programa que están a criticar reflexa as demandas dos veciños do concello.

O voceiro do grupo municipal do BNG, considera que unha programación coma a do concello non axuda a cambiar a mentalidade discriminatoria, xa que é unha programación machista que difunde un rol das mulleres que a cinxen as labores domésticas e que perpetúa a discriminación das mulleres na sociedade. E esta percepción foi trasladada ao grupo do BNG por mulleres veciñas de Outeiro de Rei.

Tamén recorda que namentres que a Lei non obrigou a incluír mulleres nas listas, o Partido Popular non tiña nin unha sóa muller entre os concelleiros, mentres que pola contra o BNG si que tivo concelleiras.

Volvendo á programación, alude a que o único curso ao que poden ir homes é o de informática, namentres que os restantes están reservados ás mulleres.

Por último, no tocante á afirmación verquida polo Alcalde segundo a cal no termo municipal de Outeiro de Rei hai menos mulleres en situación de desemprego que homes, informa que esta información estatística explícase porque no agro, a meirande parte das persoas que cotizan á seguridade social son mulleres, o que distorsiona a información que subministra a estatística á que alude o Alcalde, e conclúe que en Outeiro, ao igual que en outros sitios, as mulleres seguen a ocupar os postos peor pagados e máis penosos.

O Alcalde afirma que na presentación das actividades ningunha das mulleres presentes trasladou o parecer que ten o voceiro do BNG, e recorda que o Concello non limita os seus esforzos de promoción da muller a esa programación, xa que son moitas máis as actividades impartidas, coma a relativa a nocións básicas de mecánica para mulleres, aprender a cociñar, nocións de costura e prancha, defensa personal ...

O equipo de goberno demostrou sobradamente a súa implicación na loita en prol da igualdade entre homes e mulleres, e así o demostran os cursos de formación ocupacional promovidos dende o concello, os obradoiros de emprego, o nivel de ocupación laboral no termo municipal, ou mesmo na composición do grupo político municipal.

A continuación, os concelleiros entran en disertacións sobor se o curso de internet ou de cociña son cursos machistas ou non, con intervencións dende os diferentes voceiros en diferentes sentidos.

Retoma a palabra o Alcalde e insiste no compromiso do equipo de goberno na promoción da muller.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con sete votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais de BNG e más PSdG-PSOE.

## **6. ROGOS E PREGUNTAS**

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, ao Rogo presentado polo Grupo Municipal do BNG con data de rexistro de entrada de 18 de febreiro de 2016, e do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

*Moción relativa ao pintado da sinalización horizontal (liñas laterais e centrais) da estrada de titularidade municipal LU-P3906 que transcorre entre o polígono de Outeiro (LU-115) e o cruce existente ao carón do cárcere de Bonxe*

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*É un feito constatado que o número de días con chuvia, néboa ou calquera outro fenómeno climatolóxico adverso que se dan no noso país representan unha alta porcentaxe do total. Tamén é un tema aceptado de forma xeneralizada que nestes días de climatoloxía adversa o risco de producirse accidentes de tráfico multiplícase, sendo neses días cando máis vítimas por este tipo de accidentes se producen.*

*Tamén é aceptado de forma pacífica que nestes días de climatoloxía adversa, sobre todo cando non hai luz natural, o bo estado da sinalización horizontal é unha axuda indispensábel á conducción e é un parámetro fundamenteal para diminuír o risco de sufrir accidentes de circulación.*

*O tramo de estrada que transcorre entre o polígono de Outeiro (LU-P-3906), entre a estrada LU-115 e o cruce existente despois da cárcere de Bonxe é unha estrada que comunica a autovía, a N-VI e as vilas de Outeiro e Rábade co propio cárcere así como coas parroquias de Bonxe, Mosteiro, San Clodio, San Fiz e ata San Lourenzo. Debido a isto, é unha das estradas locais con máis tráfico do concello.*

*Os dous feitos anteriores, é dicir, a alta densidade de tráfico existente e a práctica ausencia de sinalización horizontal fan que este tramo de estrada sexa un tramo moi perigoso, sobre todo pola noite e en días de climatoloxía adversos.*

*Do mesmo xeito, é unha obriga do Concello de Outeiro ter as estradas da súa competencia nun estado aceptábel para a circulación, converténdose en todo caso en responsábel de calquera accidente que se producira por mor causa da falta de conservación destas estradas.*

*Por todo iso e nunha liña totalmente constructiva, dende o BNG PROPOÑEMOS ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte*

### **MOCIÓN:**

*Que se proceda na maior brevidade posíbel ao pintado das liñas centrais e laterais (sinalización horizontal) do tramo da estrada LU-P-3906 que transcorre entre o polígono de Outeiro (LU-115) e o cruce existente despois do cárcere de Bonxe”.*

Rematada a lectura, o Alcalde afirma que esa estrada require dunha rexeneración do firme, polo que se afrontará o concello este ano se é economicamente posible. De ser posible, tamén se pintará.

Por outra banda, estránase que, sendo o concelleiro do BNG membro do goberno da Deputación Provincial, faga alusión a este tramo de estrada cando ten as estradas provinciais nun estado totalmente lamentable, cheas de fochancas.

Asemade, informa que o tramo de estrada ao que se refire o rogo foi transferido ao concello pola Deputación, e transferiuse no estado no que se atopa actualmente, cando se trata dunha Administración – a Deputación- cuns recursos moi superiores aos concellos e que debería estar ao seu servizo.

A continuación, o Secretario da lectura, en viva voz, do escrito presentado polo Grupo Municipal do BNG con data de rexistro de 24 de febreiro de 2016 e do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro a lexislación vixente, presentan o seguinte ROGO:*

### *LIMPEZA E RESTAURACIÓN DA CRUZ DO GALEGO*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*A conservación do patrimonio debe ser unha prioridade para calquera administración municipal no ámbito das súas competencias. En consecuencia con este principio, os gobernos das institucións municipais tomarán as medidas apropiadas para salvagarda de todos e cada un dos elementos patrimoniais existentes na contorna xeográfica na cal exercen xurisdición.*

*A coñecida como Cruz do Galego está asentada á beira dun tramo do antigo Camiño de Castro que partindo de Vilela Pequena cruza a Agra de Abeledo en dirección a Sobrada. Este cruceiro fora colocado no lugar en memoria dun veciño da parroquia de Santiago de Vilela que morrera no transcurso dun atraco alí perpetrado.*

*Na base do mencionado elemento figura unha pedra de mármore na cal se pode ver unha lenda con diversos datos que fan referencia ao suceso anteriormente mencionado. Esta pedra presenta un estado de deterioro importante, escachada en diversos anacos, figurando mesmo a punto de desprenderse da estrutura que lle presta soporte.*

*Tendo en consideración que este cruceiro figura recollido no inventario de patrimonio que se pode ver na páxina web do concello de Outeiro de Rei, e mesmo no traballo de catalogación de Cruceiros dos concellos de Castro de Rei e Outeiro de Rei, realizado polos investigadores Xosé M. Blanco Prado e Fernando Arribas, así como polo interese histórico patrimonial que representa para os veciños e veciñas do concello en xeral, e da parroquia de Vilela en particular, presentamos o seguinte*

#### *ROGO:*

*Para que o goberno municipal, presidido polo señor alcalde, dispoña do necesario para a limpeza e restauración do elemento patrimonial coñecido como Cruz do Galego, situado na parroquia de Santiago de Vilela e do seu entorno máis próximo, tendo en conta a urxencia do caso pola situación grave de deterioro que padece”.*

O Alcalde afirma que terán en conta o rogo, unha vez estudiada a propiedade do cruceiro, e abordarán a súa restauración se a titularidade é pública.

O Secretario da lectura, en viva voz, do escrito presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de 24 de febreiro de 2016 e do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro a lexislación vixente, presentan o seguinte ROGO:*

#### *USO DO DOMINIO .GAL NA WEB DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*É unha premisa aceptada de xeito xeneralizado que para aumentar o prestixio social e a visión normalizada dun idioma, este debe ter unha presenza importante nas novas tecnoloxías, na internet e nas redes sociais.*

*Esta presenza ten que ser tanto nos contidos como nas propias denominacións dos espazos e das páxinas web correspondentes.*

*Dentro diso, os dominios utilizados teñen unha capital importancia á hora de visualizar aquelas direccións de internet que corresponden a institucións, empresas, administracións ou , mesmamente, persoas particulares dun país, de Galiza neste caso.*

*Neste senso, a consecución do dominio .gal foi un gran avance no camiño da normalización do galego na internet e nas novas tecnoloxías.*

*Por todo iso, o Bloque Nacionalista Galego presenta ante o señor Alcalde de Outeiro de Rei o seguinte*

#### *ROGO:*

*Que tanto na páxina web municipal, como nos enderezos electrónicos asociados ou en calquera outro ámbito no que puidera participar o concello de Outeiro de Rei se proceda a reservar e logo utilizar en todos os casos o dominio .gal”*

*Unha vez rematada a lectura, iníciase a lectura do escrito de pregunta presentado polos concelleiros do grupo municipal do BNG con data de rexistro de entrada de 24 de febreiro de 2016, e do seguinte teor literal:*

*“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta, para a súa resposta por parte da Alcaldía.*

*Pregunta sobre a extensión da rede de alcantarillado a outros núcleos de poboación neste ano 2016*

#### *Exposición de motivos*

*O acceso universal e equitativo ao sanemaneto e á hixiene debe ser unha prioridade indiscutíbel si queremos crear un futuro que permita a cada quen vivier unha vida saudábel, próspera e digna.*

*O saneamento é imprescindible para a saúde humana e o compromiso político para garantir o acceso a este servizo vital debe ser inequívoco.*

*É evidente que este servizo non chega a tódolos núcleos do Concello de Outeiro de Rei a día de hoxe, en pleno século XXI. O cal non é de recibo vivindo, como vivimos, no chamado Primeiro Mundo.*

*Por todo iso, e tendo en conta que as finanzas do Concello non pasan por momentos de apuro o Grupo Municipal do BNG fai ante este Pleno Municipal a seguinte*

#### **PREGUNTA**

*¿O concello ten previsto estender a rede de alcantarillado a máis núcleos de poboación do mesmo no ano en curso? ”.*

O Alcalde resposta que, en principio, non, xa que existe unha rede de sumidoiros moi extensa que ven dende Guillar, pasando por Robra e Silvarrei, Santa Mariña e Matela cruzando todo o polígono industrial, á que todas as vivendas próximas poden conectarse e que coincide coa zoa do termo municipal que máis crece. Pero non se prevé a ampliación da rede xa existente, xa que ten uns altos custes de implantación e mantemento debido á dispersión da poboación no termo municipal, que terminaría repercutindo na carga fiscal dos veciños.

Escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con data de rexistro de 24 de febreiro de 2016, e do seguinte teor literal:

*Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, CONCELEIROS do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte pregunta,*

#### **PREGUNTA SOBRE A XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS PARA A SUBVENCIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*É unha realidade que todas as administracións públicas deberán facer un esforzo na protección, conservación e, sobre todo, normalización do uso do galego en todos os ámbitos da vida, sobre todo no referente á vida diaria e funcionamento da propia administración.*

*Tampouco se pode poñer en dúbida a obrigaón que toda administración pública ten na xestión dos cartos públicos, incluídas as xustificacións das subvencións que poida recibir esa administración procedentes doutras distintas. Isto debe ser así tanto por unha cuestión de legalidade como por gañarse a confianza para ser merecedora doutras axudas no futuro, desa administración ou doutra.*

*No pasado ao 2015 o concello de Outeiro de Rei recibiu unha subvención da Consellería de Cultura, concretamente do Servizo de Normalización Lingüística, subvención que foi xustificada cos gastos de publicidade da Feira de Artesanía que organiza o concello no mes de xullo.*

*Tendo en conta todo isto, dende o Bloque Nacionalista Galego trasladamos ao señor alcalde a seguinte:*

#### **PREGUNTA**

*¿Cree o señor Alcalde que é ética e moralmente aceptábel xustificar unha subvención para a normalización lingüística no concello de Outeiro de rei con anuncios publicitarios na prensa dunha feira de artesanía e que esa xustificación se axusta aos termos das bases da convocatoria así como á legalidade vixente?”.*

O Alcalde resposta que o Concello pediu a subvención para unha actuación concreta valorada en máis de 6000 euros, e a subvención outorgada é de 1931 euros. Dita actividade consiste na publicidade en galego, dun evento determinado. Pedíuse para iso e para iso se outorgou e o concello xustificou o gasto. De tal xeito que o concello gastou en publicidade en galego 6000 euros aproximadamente, polo que se cumpriu con tódolos requisitos legais da achega.

Asemade, o Alcalde resposta á pregunta formulada por Foro Lugo no Pleno anterior e que quedou sen reposta xa que non se tiñan os datos solicitados.

Así, o número de licencias pendentes de resolución segundo a data de presentación e número de rexistro de entrada é o seguinte:

Licencias de obras pendentes de resolver: 189, das cales:

143 están pendentes de que os promotores cumplan os requerimentos de subsanación de documentación.

46 están todavía sen informar.

Tamén informa que, dende o ano 2006 ata o día de hoxe, tramitáronse 2863 expedientes de licencias de obra, declaracións de fora de ordenación, ordes de execución ou certificacións urbanísticas.

Por último, o Secretario da lectura ao Rogo presentado polo Grupo Municipal de Foro Lugo, con data de rexistro de entrada de 22 de febreiro de 2016 e do seguinte teor literal:

*“Ruego que presenta el grupo municipal Foro Lugo Independiente de Outeiro de Rei para su inclusión en el orden del día del próximo pleno del ayuntamiento, para el cambio de ubicación de una señal indicadora de dirección parroquias de Santa Mariña y Cela al amparo de lo establecido por la ley 7/1985, de 02 de abril, reguladora de las bases de régimen local y el real decreto 2568/1986, de 29 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, artículo 97.6.-*

*DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR, portavoz del (FLI) en esa Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presenta el siguiente RUEGO para el próximo Pleno de Febrero de 2016.-*



### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*En la N- VI dirección A Coruña, a su paso por el casco urbano de Outeiro de Rei y a unos dos metros antes del edificio que en su día albergó un puesto de la Cruz Roja, se encuentra una señal verde, con dos indicadores de dirección, parroquias de Santa Mariña y Cela, la cual, para los conductores foráneos resulta engañosa, hasta el punto de que al ver la tajea a referida edificación, creen que se trata de la entrada a la vía que les traslada a las susodichas parroquias, cuando en realidad el acceso se encuentra un poco más adelante, lo que conlleva a la realización de maniobras de marcha atrás, paradas en el arcén, bajadas de los usuarios del vehículo, todas ellas entrañando un riesgo innecesario tanto para la integridad física de los mismos como para el resto del tráfico rodado.*

*Por lo expuesto, presentamos ante el Señor Alcalde Presidente de este Concello el siguiente*

### RUEGO:

*Iniciar los trámites necesarios por parte de esa Alcaldía para por quién le corresponda, efectúe el cambio de la ubicación de la referida señal indicadora y su posterior colocación en el lugar que le corresponde, que como norma general deberá ser al inicio del acceso a dicha vía de comunicación”.*

O Alcalde afirma que o Rogo non ten sentido, xa que a entrada á Cruz Vermella está a 5 ou 6 metros da estrada, polo que non da lugar a engano.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o alcalde dá por rematada a sesión, sendo as quince horas, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde